

The background of the cover is black, featuring several stylized illustrations of people in traditional Galician folk costumes. The central figures are two women in bright orange dresses, one with her arms raised and the other in a dynamic pose. Surrounding them are other figures in various poses, rendered in shades of teal and light blue. The overall style is graphic and celebratory.

# ELISA *e* MARCELA

XULIA VICENTE



Consello  
da Cultura  
Galega





**ELISA**  
*e*  
**MARCELA**

XULIA VICENTE



Consello  
da Cultura  
Galega

**Edita**

© Consello da Cultura Galega, 2020  
Pazo de Raxoi • 2º andar • Praza do Obradoiro  
15705 • Santiago de Compostela  
T 981 957 202 • F 981 957 205  
correo@consellodacultura.gal  
www.consellodacultura.gal

**Guión e debuxo**

Xulia Vicente  
xuliavicente7@gmail.com  
xuliavicente.tumblr.com

**Imprime**

Lugami

ISBN 978-84-17802-21-9  
Depósito Legal: C 725-2020














PREZADA MARCELA:  
CONTO AS NOITES QUE PASAN  
SEN ESTAR PRETO DE TI, PERO  
MÁIS CONTO OS DÍAS QUE RESTAN  
PARA VOLVERNOS VER.




AGORA QUE MIÑA PRIMA MARCHOU,  
E FICAS TAN SOA, ESTOU TENTADO  
DE PERCORRER A DISTANCIA  
QUE NOS SEPARA TODAS  
AS NOITES PARA TE COIDAR.




SEI QUE NON É POSIBLE, PERO O AMOR  
QUE NOS UNE DESBÓRDAME O CORPO. MORRO  
POR QUE POR FIN CASEMOS E POIDA FACERCHE-



AI, ISTO MELLOR  
NON LLO LEO,  
HIHIHI...



SAÚDATE CON MOITO  
AGARIMO O TEU  
MARIO, QUE ADOECE  
POR REUNIRSE  
CONTIGO DE NOVO.



OH, PERO ESTE DON  
MARIO ÉLLE TODO UN  
CABALEIRO!





A CORUÑA,  
1884

EI,  
ATÓPASTE  
BEN?

EH?

PRECISAS AXUDA  
CON ALGO?

AH, TES UN BECHO  
NO LIBRO! AGARDA,  
XA ME ENCARGO!

que?  
N-NON FAI FALTA,  
PÚXENA EU AÍ!

OH?

ESTABA NA RÚA,  
PASABA A XENTE E PENSEI  
QUE NON ERA O MELLOR  
SITIO PARA ELA...

XA... HABERÍA QUE  
APARTALA DE AQUÍ...  
PERO... TI NON DEBERÍAS  
ESTAR NA CLASE?

AH! SI,  
DEBERÍA  
MARCHAR...

POIS DEIXA,  
QUE XA ME  
ENCARGO EU.

















NON PODE IMPEDIRME VELA!



ESTA É A MIÑA CASA e TI NON ES BENVIDA! NON VOU DEIXAR QUE INFLUENCIAS MÁIS A MIÑA FILLA!



ELA QUERE FICAR NA CORUÑA! DÉIXEME PASAR!



LISCA DE AQUÍ, IMPERTINENTE! MARCELA VAI ESTAR MOITO MELLOR EN MADRID!









COUSO,  
1897



ELISA, TOLEACHES!?  
MAÑÁ TES CLASE!



POIS NON SEI  
COMO, SE SON  
CASE AS...



E A PÉ HEI  
VOLVER!



EU NON  
DIXEN TAL  
...







AI MARCELA, PERO  
XA ESTOU PEDINDO EU  
ALGUNHA MÁIS PRETO.

SE CHE VAI BEN NESTA ESCOLA,  
DÁME CARRAXE QUE PIDAS  
TRASLADO TI TAMÉN.

DÍXOLLE A MESTRA  
ELEMENTAL Á MESTRA  
SUPERIOR!

XA CHE  
VALE!



A VER, EN SERIO,  
SE ME CONCEDEN A ESCOLA  
DE DUMBRÍA OU ALGUNHA  
OUTRA COMPLETA, PODERIAMOS  
VIVIR TRANQUILAS  
CO MEU SOLDADO.

NON QUERO  
QUE SIGAS FACENDO  
10 KM DE NOITE PARA  
VIR TODOS OS DÍAS!



SABES QUE  
OS FAGO  
CON GUSTO.



SEINO...






















A CORUÑA,  
XUÑO DE 1901



ESTÁS  
BEN GUAPO.

TRÓUXENCHE  
UN AGASALLO  
DE VODA.



APROVEITA  
QUE AGORA  
TI PODES!





ESTÁS  
SEGURA...?

NON PODEMOS  
SEGUIR ASÍ.

... ENTÓN...  
ESTÁ DECIDIDO.

A PRÓXIMA VEZ QUE NOS VEXAMOS  
TERÁS QUE CHAMARME MARIO.

*Pic  
Pic*

*Pic*

PERO SE NACEU VOSTEDE  
NA CORUÑA, COMO NON  
ESTÁ BAUTIZADO?

É UNHA  
TRISTE HISTORIA,  
PADRE.

VERÁ, MEU PAI MORREU  
ANTES DE NACER EU, E MIÑA  
NAI CASOU CUN SÚBDITO INGLÉS  
QUE VIVÍA AQUI. PERO, CLARO,  
ERA PROTESTANTE. ESTE HOME  
LEVOUME DE NENO PARA  
INGLATERRA, A TRABALLAR  
NUNHA FÁBRICA DA SÚA  
FAMILIA.

COITADO...

COMO LLO CONTO.  
MAIS CANDO VOLVÍN A GALICIA,  
HAI CATRO ANOS, MIÑA IRMÁ  
MAIOR ACOLLEUME, E NA SÚA  
CASA COÑECÍN A MULLER  
DA QUE NAMOREI: MARCELA  
GRACIA. VERÁ, PADRE,  
MARCELA E MAIS EU  
QUEREMOS CASAR.

E CLARO, POR ISO  
O BAUTISMO... PERO, PARA  
PROCEDER, TERÍAS PRIMEIRO  
QUE APRENDER O  
CATECISMO.

A CORUÑA,  
MAIO DE 1901








"O VINTE e SEIS DE MAIO DE MIL NOVECENTOS UN. EU, O DOUTOR D. VÍCTOR CORTIELLA SOMOZA, CURA PÁRROCO DE SAN XURXO DA CIDADE DA CORUÑA, BAUTICEI SOLEMNEMENTE NA FORMA DE ADULTOS AO MOZO D. MARIO SÁNCHEZ LORIGA, O CAL NACEU ÁS OITO DA MAÑÁ DO DÍA OITO DE SETEMBRO DE MIL OITOCENTOS SESENTA e NOVE."








"O OITO DE XUÑO DE MIL NOVECENTOS UN. EU, O DOUTOR D. VÍCTOR CORTIELLA SOMOZA, CURA PÁRROCO DE SAN XURXO DA CIDADE DA CORUÑA, ASISTÍN AO MATRIMONIO QUE POR PALABRAS DE PRESENTE E MUTUOS CONSENTIMENTOS CONTRAERON NESTA IGREXA PARROQUIAL DE SAN XURXO POR UNHA BANDA: D. MARIO JOSÉ SÁNCHEZ LORIGA, SOLTEIRO, DE TRINTA E UN ANOS DE IDADE, NATURAL E VECIÑO DESTA DE SAN XURXO; E POR OUTRA: D<sup>a</sup> MARCELA GARCÍA IBEAS, TAMÉN SOLTEIRA, DE TRINTA E CATRO ANOS DE IDADE, NATURAL DE SANTA ÁGUEDA DA CIDADE DE BURGOS.



RECIBIRON AS BENDICIÓNS NUPCIAIS E FORON TESTEMUÑAS D. MIGUEL HERMIDA CASARES E D. HELIODORO REI MOURENZA. E PARA QUE CONSTE ASÍNOO."











BOS DÍAS, MARCELA,  
RECIBIMOS NOVA DO TEU  
CASAMENTO.

ASÍ É,  
DON FEDERICO,  
VOLVÍN DA CORUÑA  
CO MEU HOME,  
MARIO.

MAIS, MARCELA, A MIÑA DONA,  
EUXENIA, DÍXOME QUE VIU O TAL  
MARIO, E...



PARECELLE  
QUE ERA ELISA.



ELISA? NON, É QUE MARIO É O SEU CURMÁN,  
O PARECIDO É INCRIBLE, NORMAL QUE SE  
CONFUNDIRAN!

CHAMABAN POR MIN,  
CABALEIROS?

EN QUE OS  
PODO AXUDAR?



QUE ME PARTA  
UN RAIÓ...

SI QUE É  
A ELISA!




PERO COMO  
VAI SER ELISA!  
QUE ABSURDO!

E BEN, SE REALMENTE  
É O TAL... MARIO, NON  
LLE IMPORTARÁ  
DEMOSTRALO, NON?



ESTÁN SENDO  
VOSTEDS UNS VERDADEIROS  
MALEDUCADOS, REMATOU  
A CONVERSA!









EL MATRIMONIO SIN HOMBRE

MARIO-ELISA ANTE LA CIENCIA  
O QUE DICE UN MEDICO

Las casadas  
de la Coruña

**JORNAL DE NOTÍCIAS**  
17 AGOSTO 1901

**NOIVOS DE CONTRABANDO**

Avisadas pelas autoridades espanholas de un "casamento sem homem", aparecen no Porto

**A PROVÍNCIA**

16 AGOSTO  
1901

**CONSORCIO DE DÚAS MULHERES.  
PRISÃO DOS NOIVOS NO PORTO**

encontrada uma na estalagem da Praça da Batalha e outra no Café Lisbonense, onde ela trabalhava. presas no Aljube do Porto aguardando julgamento.

**JORNAL DE NOTÍCIAS**  
21 AGOSTO 1901

**CONTRIBUÇÕES PARA AS  
ESPANHOLAS EN CADEIA**

O Café Lisbonense está coletando contribuições para as duas espanholas mais dignas de compaixão do que de censura. Este jornal também admite doações para as infelizes Elisa e Marcela

CONTRIBUÇÕES

ELISA E MARCELA





BOM DIA  
DONA MARCELA,

CHEGOU ROUPA DOADA  
POR ALGUMAS VIZINHAS  
E A COMIDA DO CAFÉ  
LISBONENSE.



AH! GRAZAS,  
GRAZAS!



ONDE ESTÁ  
O COMPANHEIRO?

LEVÁRONO  
HAI UN ANACO CO  
COMISARIO...



JOSÉ... OU PEPE,  
OU MARIO, OU O QUE SEJA...  
JÁ QUE A DOCUMENTAÇÃO  
PARECE FALSA.

AS AUTORIDADES ESPANHOLAS  
ESTÃO PERSEGUINDO ESTE  
"CASAMENTO SEM HOMEM!"...  
MAS VOCÊ INSISTE QUE  
VOCÊ É...



HERMAFRODITA,  
COMISARIO! D-DÍXOME  
UN MÉDICO QUE PODÍA OPTAR  
POLO SEXO MASCULINO!







PERO QUE CHE FIXERON!?

AGARDA, DESCANSA AQUI, VOU CHE BUSCAR CAMISA E PANTALONS...



MELLOR UNHA SAIA, MARCELA...




TEN, ESTA MESMA.

QUE A MIN XA NON ME ESTÁ...



LÚA DE MEL... LÚA DE FEL, MÁIS BEN!

TRANQUILA... TODO SAIRÁ BEN...



E ESTAREMOS XUNTAS AS TRES...



VIGO,  
SETEMBRO DE 1901

COMO QUE  
FORON LIBERADAS!?

ELISA e MARCELA CUMPRIRON A PRISIÓN PREVENTIVA  
e O XUIZ PORTUGUÉS PÚXOAS EN LIBERDADE.

A PETICIÓN DE EXTRADICIÓN DAS AUTORIDADES ESPAÑOLAS FOI REXEITADA  
POR NON SER SOLICITADA POLA VÍA DIPLOMÁTICA.









Esta banda deseñada relata a historia de Elisa e Marcela, dúas mulleres cuxa peculiar historia foi reconstruída a partir de documentos oficiais e de extractos de xornais, moitas veces con testemuñas de difícil comprobación. Necesariamente, este relato emprega a ficción para suplir algúns ocos e facilitar a narración. Esta bd ten a intención de divulgar e visibilizar a vida destas mulleres, pero nunca debe tomarse como unha versión cen por cen fiel á historia.

Para coñecer unha versión máis completa da investigación sobre a historia de Elisa e Marcela, recomendamos consultar *Elisa e Marcela: Amigas e amantes*, de Narciso de Gabriel. E para visitar outra versión do relato noutro medio artístico, suxerimos a obra de teatro *Elisa e Marcela*, de A Panadaría.

A investigación para escribir estas páxinas foi exhaustiva, e teño que agradecer a axuda e apoio a varias persoas que foron imprescindibles no proceso:

A Guillermina, por ser a primeira en orientarme neste camiño e achegarme tanto a Elisa e Marcela.

A Areta, Noelia e Ailen por darlle unha volta a todo e abrireme os ollos a outras posibilidades.

A Narciso, pola tremenda axuda con todos eses detalles que estaban fóra das miñas mans.

A Susanna, polo seu entusiasmo e a súa opinión desde a experiencia con guións históricos.

A Manuel, polas ideas e documentación das festas e merendas, que darían lugar á miña parte favorita.

A Benito, por escribir para esta bd a tremenda regueifa entre Elisa e Marcela e os mozos.

A Dominga, por facer memoria para axudarme co estilismo con finísimos detalles.

Graciñas a todas e, por suposto, tamén ao Consello da Cultura Galega e á súa Sección de Pensamento por confiaren en min.

Xulia












The background of the page is a black and white illustration of a crowd of people in traditional, possibly Galician, clothing. The figures are depicted in various dynamic poses, suggesting a dance or a celebration. Some are seen from the back, some in profile, and some facing forward. The style is reminiscent of a woodcut or a stylized drawing. The central text is placed over the upper-middle part of the illustration.

*Elisa e Marcela* non é a historia dun  
“casamento sem homem”. *Elisa e Marcela*  
é unha historia de amor e de liberdade.  
Velaí a súa transgresión.